

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	24 de xullo de 2.019
Duración	Desde as 21'00 ata as 22'10 horas
Lugar	SALON DE SESIONS
Presidida por	FATIMA ABAL ROMA
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES (17):

PSDG-PSOE (4): D^a María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D. David Meisas Fernández e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, Constantino Cordal Rodríguez e D^a Carolina Aragunde Laya.

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas e D^a Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (7): D. Luís Aragunde Aragunde, D^a María Isabel Fole Trigo, D^a Silvia Fernández Pérez, D^a Nerea Pintos Castro, D^a Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco e D^a María del Mar Núñez Chaves.

CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- PROPOSICIÓN SUPLEMENTO DE CRÉDITO APLICACIÓN DO SUPERÁVIT DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2018

A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE), ao abeiro do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, somete a votación a inclusión na orde do día da proposición anterior que di: "**PROPOSTA DE ALCALDÍA.-** Visto que segundo o Informe emitido por Intervención con data 17/07/2019, a Liquidación do Orzamento correspondente ao



ano 2018 cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e arroxa un resultado de capacidade de financiación por un importe de 624.932,80 €.

Visto que o importe do remanente de tesourería para gastos xerais resultante da Liquidación do Orzamento correspondente ao ano 2018, ascende a 724.076,24 €.

Visto que a 31/12/2018 o importe das obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento» ascende a 939.598,73 €.

Visto o Informe de Intervención sobre a aplicación do superávit 2018, emitido con data 18/07/2019, segundo o cal se cumpren os requisitos para a aplicación do superávit aos destinos alternativos da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, debendo destinarse na súa totalidade a atender obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31/12/2018 na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento».

Considerando que, co obxecto de dar cumprimento á Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, debe aprobarse unha modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito n.º 2019/MOD/022 con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

Considerando que se cumpren os requisitos para a aplicación do superávit a través do remanente de tesourería aos destinos alternativos da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e realizada a tramitación legalmente establecida, esta Presidencia propón ao Pleno, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito n.º 2019/MOD/022 para a aplicación do superávit 2018, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, por importe total de 624.932,80 €, de acordo co seguinte detalle:

1º Modificacións en Aumento do Orzamento de Gastos:

As aplicacións orzamentarias obxecto de incremento e a modalidade de modificación pola que se incrementan detállanse a continuación:

Aumento de Gastos					
Modificación	Prog.	Eco.	Vinc.	Denominación	Importe €
Suplemento de Crédito	1320	21300	1.2	UTILLAXE E INSTALACIÓNS POLICÍA LOCAL	347,27
Suplemento de Crédito	1320	21400	1.2	MANTEMENTO VEHÍCULOS POLICÍA LOCAL	1.267,48
Suplemento de Crédito	1320	22104	1.2	VESTIARIO POLICÍA LOCAL	634,04
Suplemento de Crédito	1330	20000	1.2	ALUGUER DEPÓSITO VEHÍCULOS	128,33
Suplemento de Crédito	1350	21200	1.2	MANTEMENTO E REPARACIÓN EDIFICIO PROTECCIÓN CIVIL	50,04
Suplemento de Crédito	1350	21400	1.2	MANTEMENTO VEHÍCULOS PROTECCIÓN CIVIL	739,71
Suplemento de Crédito	1350	22104	1.2	VESTIARIO PROTECCIÓN CIVIL	1.694,00
Suplemento de Crédito	1510	22706	1.2	TRABALLOS EMPRESAS ALLEAS: ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	4.307,60
Suplemento de Crédito	1510	23120	1.2	LOMOCOCIÓN PERSOAL URBANISMO	420,00
Suplemento de Crédito	1533	20300	1.2	ALUGUER MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE VÍAS PÚBLICAS	1.814,48
Suplemento de Crédito	1533	21000	1.2	REPARACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO VÍAS PÚBLICAS (MATERIAIS ETC.)	20.120,24
Suplemento de Crédito	1533	21300	1.2	MANTEMENTO MAQUINARIA E VEHÍCULOS VÍAS PÚBLICAS	8.080,54
Suplemento de Crédito	1533	22103	1.2	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	4.555,91
Suplemento de Crédito	1600	21200	1.2	MANTEMENTO DA EDAR DO FACHO E DIVERSOS BOMBEO	5.699,06
Suplemento de Crédito	1600	22100	1.2	ENERXÍA ELÉCTRICA BOMBEO	2.895,97
Suplemento de Crédito	1622	22700	1.2	XESTION DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBÁNS (PUNTO LIMPO)	172,15
Suplemento de Crédito	1630	22700	1.2	GASTOS DESRATIZACIÓN, DESINSECTACIÓN ETC.	278,30
Suplemento de Crédito	1640	21900	1.2	GASTOS DIVERSOS EN CEMITERIOS	835,81
Suplemento de Crédito	1650	21300	1.2	MANTEMENTO INSTALACIÓNS ALUMEADOS PÚBLICOS, ETC.	2.239,37
Suplemento de Crédito	1650	22100	1.2	GASTOS ENERXÍA ELÉCTRICA ALUMEADO PÚBLICO	68.021,10
Suplemento de Crédito	1700	21900	1.2	MANTEMENTO FONTES E LAVADOIROS	302,50



Suplemento de Crédito	1700	22799	1.2	TRABALLOS MEDIO AMBIENTE POR EMPRESAS ALLEAS	4.525,40
Suplemento de Crédito	1710	21500	1.2	REPARACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN PARQUES INFANTÍS	3.787,30
Suplemento de Crédito	1710	21900	1.2	MANTEMENTO PARQUES E XARDÍNS	1.875,00
Suplemento de Crédito	1720	22699	1.2	PROTECCION E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE. GASTOS DIVERSOS	435,60
Suplemento de Crédito	2310	22602	2.2	PUBLICIDADE E PROPAGANDA SERVIZOS IGUALDADE	4.840,00
Suplemento de Crédito	2310	22606	2.2	ACTIVIDADES SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE (CURSOS...)	605,00
Suplemento de Crédito	2410	21200	2.2	MANTEMENTO E CONSERVACIÓN EDIFICIO ESCOLA OBRADOIRO	731,22
Suplemento de Crédito	2410	22610	2.2	Gastos de funcionamento e xestión Obradoiro de Emprego "CAMBADOS EMPRENDE XOVEN"	2.186,46
Suplemento de Crédito	2410	22611	2.2	Gastos de funcionamento e xestión Obradoiro de Emprego "CAMBADOS RUTA MARÍTIMA CAMIÑO DE SANTIAGO"	1.067,70
Suplemento de Crédito	3120	21200	3.2	MANTEMENTO E MELLORA INSTALACIÓNS CENTRO SAÚDE	1.676,34
Suplemento de Crédito	3120	22100	3.2	GASTOS ELECTRICIDADE CENTRO SAÚDE	382,89
Suplemento de Crédito	3120	22103	3.2	GASTOS COMBUSTIBLE CENTRO SAÚDE	2.769,07
Suplemento de Crédito	3120	22700	3.2	GASTOS LIMPEZA CENTRO SAÚDE POR EMPRESAS ALLEAS	10.723,73
Suplemento de Crédito	3200	22799	3.2	ACTIVIDADES EDUCACION POR EMPRESA ALLEA	3.256,00
Suplemento de Crédito	3210	21200	3.2	MANTEMENTO E CONSERVACIÓN CENTROS ESCOLARES E GARDERIA	17.803,09
Suplemento de Crédito	3210	22100	3.2	ENERXÍA ELÉCTRICA CENTROS ESCOLARES	8.348,35
Suplemento de Crédito	3210	22103	3.2	COMBUSTIBLE CALEFACCIÓN CENTROS ESCOLARES	1.399,91
Suplemento de Crédito	3210	22110	3.2	PRODUCTOS LIMPEZA CENTROS ESCOLARES	1.026,32
Suplemento de Crédito	3210	22609	3.2	ACTIVIDADES EN CENTROS ESCOLARES	1.725,00
Suplemento de Crédito	3210	22700	3.2	GASTOS LIMPEZA CENTROS ESCOLARES POR EMPRESA ALLEA	12.910,70
Suplemento de Crédito	3260	21200	3.2	MANTEMENTO E CONSERVACION ESCOLA E CONSERVATORIO DE MUSICA E AUDITORIO	726,00
Suplemento de Crédito	3260	22100	3.2	ENERXIA ELECTRICA ESCOLA E CONSERVATORIO DE MUSICA E AUDITORIO	921,38
Suplemento de Crédito	3260	22103	3.2	COMBUSTIBLE CALEFACCION ESCOLA E CONSERVATORIO DE MUSICA E AUDITORIO	1.377,59
Suplemento de Crédito	3260	22606	3.2	ACTIVIDADES CONSERVATORIO DE MÚSICA	1.745,00
Suplemento de Crédito	3260	22799	3.2	PRESTACION DO SERVIZO DE ESCOLA E CONSERVATORIO POR EMPRESA ALLEA	955,00
Suplemento de Crédito	3321	21200	3.2	MANTEMENTO E CONSERVACIÓN BIBLIOTECA	254,02
Suplemento de Crédito	3321	22001	3.2	MATERIAL OFICINA, PRENSA, LIBROS, REVISTAS, ETC. BIBLIOTECA	1.692,00
Suplemento de Crédito	3321	22100	3.2	ENERXÍA ELÉCTRICA BIBLIOTECA	938,10
Suplemento de Crédito	3330	21200	3.2	MANTEMENTO E CONSERVACIÓN MUSEOS	3.156,82
Suplemento de Crédito	3330	22100	3.2	ENERXÍA ELÉCTRICA MUSEOS	451,39
Suplemento de Crédito	3330	22610	3.2	ACTIVIDADES ENOBUS	1.264,45
Suplemento de Crédito	3330	22699	3.2	GASTOS VARIOS ENOTURISMO	19.712,05
Suplemento de Crédito	3340	21200	3.2	MANTEMENTO E CONSERVACIÓN CENTROS CULTURAI	6.056,81
Suplemento de Crédito	3340	21500	3.2	MOBILIARIO E ENSERES CENTROS CULTURAI	118,89
Suplemento de Crédito	3340	22000	3.2	MATERIAL OFICINA CENTROS CULTURAI E PARA ACTIVIDADES CULTURAI	5.658,83
Suplemento de Crédito	3340	22100	3.2	ENERXÍA ELÉCTRICA CENTROS CULTURAI	3.223,93
Suplemento de Crédito	3340	22103	3.2	COMBUSTIBLE CENTROS CULTURAI	712,46
Suplemento de Crédito	3340	22110	3.2	PRODUCTOS LIMPEZA CENTROS CULTURAI	313,00
Suplemento de Crédito	3340	22606	3.2	REUNIÓNS, CONFERENCIAS E CURSOS	2.590,80
Suplemento de Crédito	3340	22609	3.2	ACTIVIDADES CULTURAI	6.730,30
Suplemento de Crédito	3340	22699	3.2	GASTOS ARTES ESCÉNICAS (SGAE)	7.448,43
Suplemento de Crédito	3380	20500	3.2	ARRENDAMENTO MOBILIARIO E ENSERES (CARPAS, VAIAS)FESTEXOS E OUTROS EVENTOS	30.038,74
Suplemento de Crédito	3380	21500	3.2	MOBILIARIO PARA FESTEXOS	80,63
Suplemento de Crédito	3380	22602	3.2	PUBLICIDADE E PROPAGANDA FESTEXOS	490,05
Suplemento de Crédito	3380	22699	3.2	FESTEXOS E OUTROS EVENTOS (NADAL, ENTROIDO, FESTA ALBARIÑO, FESTA DA VIEIRA, ...)	182.158,35



Suplemento de Crédito	3410	22609	3.2	ACTIVIDADES DEPORTIVAS	6.154,79
Suplemento de Crédito	3420	21200	3.2	MANTEMENTO E REPARACIÓN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	7.729,43
Suplemento de Crédito	3420	21500	3.2	MOBILIARIO E ENSERES CENTROS DEPORTIVOS	384,86
Suplemento de Crédito	3420	22100	3.2	ENERXÍA ELÉCTRICA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	7.255,02
Suplemento de Crédito	3420	22103	3.2	CALEFACCIÓN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	5.078,33
Suplemento de Crédito	3420	22700	3.2	LIMPEZA INSTALACIONES DEPORTIVAS EMPRESA ALLEA	4.631,88
Suplemento de Crédito	4100	22706	4.2	CURSOS FORMACIÓN (EMPRENDEMAR)	15,14
Suplemento de Crédito	4311	22699	4.2	GASTOS DIVERSOS EN PROMOCIÓN ECONÓMICA	54,15
Suplemento de Crédito	4312	22100	4.2	ENERXÍA ELÉCTRICA PRAZA ABASTOS	1.357,78
Suplemento de Crédito	4320	22602	4.2	PROMOCIÓN TURISMO: PUBLICIDADE, FOLLETOS TURÍSTICOS	605,00
Suplemento de Crédito	9120	23000	9.2	DIETAS MEMBROS CORPORACIÓN	350,00
Suplemento de Crédito	9120	23100	9.2	GASTOS LOCOMOCIÓN MEMBROS CORPORACIÓN	1.272,00
Suplemento de Crédito	9200	21200	9.2	CONSERVACIÓN CONSISTORIAL E DEPENDENCIAS	3.126,65
Suplemento de Crédito	9200	22000	9.2	MATERIAL OFICINA NON INVENTARIABLE	1.414,66
Suplemento de Crédito	9200	22002	9.2	MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE	858,11
Suplemento de Crédito	9200	22100	9.2	ENERXÍA ELÉCTRICA DEPENDENCIAS XERAIS	5.424,33
Suplemento de Crédito	9200	22103	9.2	COMBUSTIBLE CALEFACCIÓN DEPENDENCIAS XERAIS	942,44
Suplemento de Crédito	9200	22105	9.2	PRODUCTOS ALIMENTICIOS	588,49
Suplemento de Crédito	9200	22110	9.2	PRODUCTOS LIMPEZA DEPENDENCIAS XERAIS	67,08
Suplemento de Crédito	9200	22203	9.2	MANTEMENTO DE PROGRAMAS INFORMÁTICOS ADMON XERAL (NÓMINAS, PADRÓN...)	2.415,40
Suplemento de Crédito	9200	22501	9.2	TRIBUTOS DA CC.AA (TAXAS PORTOS DE GALICIA...)	22,68
Suplemento de Crédito	9200	22601	9.2	ATENCIÓNS PROTOCOL. E REPRESENTATIVAS	3.987,97
Suplemento de Crédito	9200	22604	9.2	GASTOS XURÍDICOS, NOTARIAIS, ETC.	1.201,69
Suplemento de Crédito	9200	22700	9.2	GASTOS LIMPEZA DEPENDENCIAS XERAIS POR EMPRESA ALLEA	2.420,40
Suplemento de Crédito	9200	22706	9.2	TRABALLOS EMPRESAS ALLEAS E PROFESIONAIS	245,00
Suplemento de Crédito	9200	62600	9.6	MATERIAL INFORMÁTICO ADMINISTRACIÓN XERAL	1.206,88
Suplemento de Crédito	9200	63201	9.6	REPARACIÓN FACHADA EDIFICIO MUNICIPAL RÚA NOVA	2.294,16
Suplemento de Crédito	9200	63500	9.6	MOBILIARIO DEPENDENCIAS XERAIS	847,00
Suplemento de Crédito	9220	22699	9.2	COTAS PARTICIPACIÓN EN DIVERSAS INSTITUCIÓNS	2.000,00
Suplemento de Crédito	9430	46300	9.4	TRANSF. A MANCOMUNIDADES E CONSORCIOS	72.557,68
Suplemento de Crédito	9430	46600	9.4	TRANSFERENCIAS A OUTRAS ENTIDADES QUE AGRUPEN MUNICIPIOS	2.679,80
Suplemento de Crédito	4311	22699	4.2	GASTOS DIVERSOS EN PROMOCIÓN ECONÓMICA	250,00
Total Aumento					624.932,80

2º Esta modificación finánciase con cargo a o superávit de 2018, vía remanente de tesourería para gastos xerais:

Aumento de Ingresos			
Modificación	Eco.	Denominación	Importe €
Aumento Previsiones Iniciales	87000	Para gastos generales	624.932,80
Total Aumento			624.932,80

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de anuncios, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolverlas.

CUARTO. Publicar, unha vez aprobada definitivamente a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no taboleiro municipal de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.”

O Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión na orde do día da proposición anterior.



O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da lectura ao seguinte escrito,

“Cambados segundo o Informe emitido por Intervención con data 17/07/2019, de Liquidación do Orzamento correspondente ao ano 2018, cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e arroxa un resultado de capacidade de financiación por un importe de 624.932,80 €, presentando un remanente de tesouraría para gastos xerais resultante da Liquidación do Orzamento correspondente ao ano 2018, ascende a 724.076,24 €.

Por outra banda o capital vivo pendente de amortizar a 31 de decembro de 2018, polos préstamos concertados e vixentes, segundo se desprende dos Estados financeiros ascende pouco máis de un millón de euros, o que supón un 11,16 % dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes, non superando o límite do 110% establecido.

Por ultimo, o período medio de pago a provedores non supera o límite legal previsto na normativa de morosidade (30 días), sendo o dato de Cambados a 31 de decembro de 2018 de 20 días e para o primeiro trimestre deste exercicio 2019 que se vai dar conta neste pleno é de 14 días.

Por outra banda a pesares de reducir a morosidade de forma moi salientable nesta lexislatura, a finais do pasado exercicio existían gastos pendentes de aplicación e contabilizados na conta 413, motivo polo que no mes de Febreiro se fixo un recoñecemento extraxudicial de crédito para aprobación deses gastos e ser abonadas con cargo o orzamento do presente exercicio e así poder cumprir co principio de anualidade orzamentaria. Agora, mediante o presente suplemento de crédito de aplicación do superávit, pretendese volver dotar do crédito que lle corresponde neste exercicio as distintas partidas orzamentarias que se relacionan, procedendo a reposición do crédito nas aplicacións correspondentes con cargo ao superávit do pasado exercicio unha vez que se aproba neste pleno a liquidación definitiva de 2018.

Cito textualmente o Informe de Intervención:

De acordo co disposto na Disposición adicional sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o importe total do superávit a aplicar que ascende a 624.932,80€, debe destinarse a atender as obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31/12/2018 na conta de “Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento”, e que foron obxecto de tramitación e aprobación, aplicándoas aos créditos do orzamento 2019.

Segundo instrucións da Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda, debe darse cumprimento en todo caso ao disposto na LOEOSF respecto da aplicación do superávit polo que neste suposto ten que utilizarse o superávit de 2018 -vía remanente de tesouraría para gastos xerais- para realizar unha reposición de crédito nas partidas das facturas da conta (413) a 31/12/2018.

Deberá tramitarse expediente de modificación orzamentaria na modalidade de suplemento de crédito, ao obxecto de dar cumprimento ao disposto na LOEOSF respecto da aplicación do superávit.

E máis, segundo establece a Lei 19/2013 de 9 de Decembro de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, di literalmente:

Artigo 28. Infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria.

Constitúen infraccións moi graves as seguintes condutas cando sexan culpables:

f) O incumprimento da obriga de destinar integramente os ingresos obtidos por riba



dos previstos no orzamento á redución do nivel de débeda pública de conformidade co previsto no artigo 12.5 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e o incumprimento da obriga do destino do superávit orzamentario á redución do nivel de endebedamento neto nos termos previstos no artigo 32 da citada lei”

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) da conta dos datos económicos postos de manifesto que semellan favorables. Adianta o voto a favor do seu grupo dado que se trata de suplementar as partidas de gastos xerais a prol dos veciños e veciñas de Cambados.

Solicita, igualmente, que se limpen as praias do Concello.

A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE) di que xa se están a executar eses traballos.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que os datos económicos proveñen do anterior goberno do cal formaron parte e, por isto, teñen previsto aprobar a proposta.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que teñen previsto aprobar a proposta presentada, non obstante manifesta que a xestión do equipo de goberno plantea moitas sombras. Pon de manifesto a existencia de 90 reparos da Intervención Municipal á xestión municipal.

Afirma que a xestión do goberno é caótica poñendo como exemplo: o pago dunha multa de tráfico dun vehículo do Concello con recargo; os retrasos acumulados na apertura da piscina que xa ven desde o 2015 con varios modificados; o retraso nas obras da praza de abastos; as listas de agarda en servizos sociais e o atraso na limpeza das praias.

Recoñece que existe unha certa melloría nas obras e pon de manifesto a inexistencia de Policía Local os mércores e os sábados de mercado, agás os días anteriores ás eleccións municipais.

Contrapón as actuacións de interese internacional que se desenvolvían na época do goberno do Partido Popular coas levadas a cabo na programación actual.

Sinala que se non se xestiona resulta lóxico que exista superávit

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) di que prefire restrinxirse a temas económicos que son os que son obxecto de proposta. Afirma que o actual goberno tivo que sacar adiante un plan de axuste e incide na situación de superávit existente na actualidade.

En relación ao número de reparos afirma que a entrada en vigor do Real Decreto 424/2017 polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local deu lugar a necesariedade de incrementar os expedientes con trámite de fiscalización previa co conseguinte incremento no número de reparos.

Di que hai facturas de servizos que se están a prestar, que se atopan pendentes de regularización, cuestión na que se está a traballar.

En relación á multa do vehículo afirma que se produciu nun desprazamento á designación de Cambados como cidade europea do viño.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) explica que o seu goberno deixou ao Concello ao 34 % da súa capacidade de endebedamento, cunha xestión de dous millóns de euros en obras recibido cun crédito a devolver nun prazo de dez anos.

Afirma que o seu goberno recibiu da Deputación Provincial 3 millóns de euros mentres que o goberno actual é incapaz de xestionar o Plan Concellos.



O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) replica que os retrasos na obra da praza de abastos proveñen das deficiencias do Plan Especial redactado por Portos de Galicia.

Di que os pregos das rúas Ourense e Pontevedra atópanse en fase de redacción e da conta de diversas obras en fase de licitación.

En relación aos fondos Fomit critica a realización de obras nunha propiedade privada na rúa Sabugueiro, da que existen uns requirimentos do Xulgado e a instalación duns pantaláns.

O Sr. Aragunde Aragunde di que esas instalacións se atopan en funcionamento.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) remata agradecendo o apoio dos grupos políticos municipais á proposta presentada.

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito nº 2019/MOD/022 para a aplicación do superávit 2018, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, por importe total de 624.932,80 €, de acordo co detalle recollido na Proposta da alcaldía transcrita.

SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de anuncios, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

CUARTO.- Publicar, unha vez aprobada definitivamente a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no taboleiro municipal de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.

2.- PROPOSICIÓN DE ADICACIÓNS DOS CARGOS ELECTOS

A Sra. Alcaldesa (PsdeG-PSOE), ao abeiro do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, somete a votación a inclusión na orde do día da proposición anterior que di,

“É vontade desta Alcaldía e do grupo de goberno prestar un decidido servizo á cidadanía, contribuíndo activamente a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños do Concello de Cambados; con tal motivo, e coidando que a complexidade e volume de competencias asumidos nos últimos anos polas Corporacións Locais fai imprescindible manter unha especial adicación por parte dos cargos electos, nuns casos plena e constante, e noutros, aínda sen dedicación exclusiva, sí cunha especial intensidade que os obriga a compaxinar a súa actividade laboral co desenvolvemento do seu cargo.

Esto implica a necesidade de establecer os cargos para os que o exercicio do posto requira adicación exclusiva e os que precisan de ser desenvolvidos, canto menos, cunha adicación parcial, así como as características e retribucións de ambos supostos. Neste caso, a regulación, características e retribucións dos mesmos irán acompañados da determinación do seu réxime de adicación mínima.

Visto o disposto polo artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril que establece que os



membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con adicación exclusiva, en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Visto o disposto polo artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril que establece que os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con adicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Visto que segundo o disposto no mesmo artigo as Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan e deberán publicarse íntegramente no "Boletín Oficial da Provincia" e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con adicación exclusiva e réxime de adicación destes últimos e polo que propoño ao Pleno a adopción do seguinte, ACORDO:

1. Aprobar a adicación exclusiva de D^a Fátima Abal Roma, alcaldesa do Concello, fixándose en atención á súa responsabilidade, unhas retribucións brutas anuais de 42.400 €, que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro.

2. Aprobar a adicación parcial de D. Samuel Lago Ozón, concelleiro delegado de Obras e Servizos, fixándose en atención á súa responsabilidade e proporcionalmente á adicación proposta (media xornada equivalente a 20 horas semanais) unhas retribucións brutas anuais de 21.200 € que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro.

3. Aprobar a adicación parcial de D. Xurxo Charlín Trigo, concelleiro delegado de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo, fixándose en atención á súa responsabilidade e proporcionalmente á adicación proposta (media xornada equivalente a 20 horas semanais), unhas retribucións brutas anuais de 21.200 €, que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro.

4. Aprobar a adicación parcial de D^a M^a Cruz Leiro Peña, concelleira delegada de Turismo e Enoturismo, fixándose en atención á súa responsabilidade e proporcionalmente á adicación proposta (media xornada equivalente a 20 horas semanais), unhas retribucións brutas anuais de 21.200 €, que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro.

5. Aprobar a adicación parcial de D^a Carolina Aragunde Laya, concelleira delegada de Comercio, Promoción Económica, Infancia e Novas Tecnoloxías, fixándose en atención á súa responsabilidade e proporcionalmente á adicación proposta (media xornada equivalente a 20 horas semanais) unhas retribucións brutas anuais de 21.200 €, que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro.

6. Que a determinación dos membros da Corporación que desenvolverán os seus cargos con adicación exclusiva e parcial surtirá efectos económicos a partir do día seguinte a adopción do presente acordo polo Pleno Municipal.

7. Que se proceda á publicación do acordo adoptado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboeiro de Anuncios da Corporación."

O Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión na orde do



día da proposición anterior.

O Sr. Aragunde Aragunde presenta unha emenda á proposición do seguinte tenor literal da que se da traslado aos voceiros dos grupos políticos a través do Secretario Municipal, “Os veciños e veciñas de Cambados teñen o dereito de ser atendidos pola persoa que ostenta o cargo na alcaldía e expoñerlle as súas inxedanzas e necesidades; para desenvolver esta labor é imprescindible a presenza e adicación ao longo do día por parte da rexidora. Somos conscientes de que o traballo debe ser remunerado, desenvolvendo unha actividade en exclusividade. Na anterior lexislatura Fatima Abal acordou cos seus socios de goberno unha asignación económica de 40.000 euros anuais, de retribución para a alcaldesa.

Por tal motivo,

Dende o Partido Popular de Cambados, instamos a este pleno a aprobar a adicación exclusiva e unha retribución bruta anual de 40.000 euros para Dna. Fátima Abal Roma en atención a súa responsabilidade como alcaldesa de Cambados.”

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di que a proposta que se pretende é a dunha adicación exclusiva da alcaldía e catro parciais reducíndose o número de horas e a da cuantía a abonar.

Di que se conforma un goberno mais barato e considera que, por coherencia e responsabilidade, debe ser apoiada.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que o bipartito está a dar bandazos poñendo por exemplo a proposta dun Pleno bimensual, a desaparición das Comisións Informativas de Traballo, Sanidade e Participación Cidadá e o tema das adicacións.

A continuación reproduce un audio do Sr. Cordal Rodríguez na que se expresaba que non se quería nin un salario nin un cargo e afirma que agora cobrará por asistencias a Plenos, Xuntas de Goberno, Comisións Informativas, como 1º Tenente de Alcalde e por asistencia á Mancomunidade do Salnés.

Expresa que por responsabilidade votará en contra da proposta.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di reiterarse na idea de que a alcaldesa ten que cobrar e na necesidade de someter a negociación calquer iniciativa a este respecto cando un se atopa en minoría.

Critica que se faga referencia a un horario concreto das adicacións parciais cando en política eses horarios non existen e da conta das numerosas tardes que acudía a atender as necesidades do Concello.

Di que o actual goberno non interpretou ben os resultados electorais e de que esqueceu ao BNG á hora de negociar a súa conformación.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que fai catro anos non pediu adicación exclusiva nen parcial de ningún tipo. Critica o populismo barato que se está a vender por parte dos grupos políticos municipais e di que no ano anterior non recibiu ningunha indemnización por asistencia a órganos colexiados.

Afirma, ademáis, que o BNG participou na negociación levada a cabo na Merced e na que se lles cederon as áreas que se lles cederon.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) nega participar nesa reunión.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di que a oposición debe facer a súa labor pero non servir de bloqueo e, en relación ao número de horas a adicar ao Concello, non vai existir problema en adicar todo o tempo que a responsabilidade esixe.

Solicita que se afronten os resultados electorais e se reitera no ofrecemento ao BNG para entrar no goberno municipal dando conta dunha vacante no seno da Xunta de Goberno Local.

Pide á oposición, igualmente, que deixen gobernar e sacar adiante a proposta.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) da conta da proposta do seu grupo no relativo a



aprobar unha adicación exclusiva para a alcaldía e plantea que se poida tratar como emenda á proposición ao abeiro do artigo 97.5 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro.

Posteriormente da lectura ao seu texto que di: *“Os veciños e veciñas de Cambados teñen o dereito de ser atendidos pola persoa que ostenta o cargo na alcaldía e expoñerlle as súas inquiredanzas e necesidades; para desenvolver esta labor é imprescindible a presenza e adicación ao longo do día por parte da rexidora. Somos conscientes de que o traballo debe ser remunerado, desenvolvendo unha actividade en exclusividade. Na anterior lexislatura Fatima Abal acordou cos seus socios de goberno unha asignación económica de 40.000 euros anuais, de retribución para a alcaldesa. Por tal motivo,*

Dende o Partido Popular de Cambados, instamos a este pleno a aprobar a adicación exclusiva e unha retribución bruta anual de 40.000 euros para Dna. Fátima Abal Roma en atención a súa responsabilidade como alcaldesa de Cambados.”

Sometido a votación a toma en consideración da emenda obtense o seguinte resultado:

10 votos a favor dos concelleiros integrados no grupo municipal do PP, do grupo municipal do BNG, e do grupo mixto Cambados Pode.

7 votos en contra dos concelleiros integrados no grupo municipal do PsdeG-PSOE e Somos Cambados.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) considera que unha única adicación é insuficiente.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) lembra que é a primeira vez que existe un goberno en minoría.

Sometida a votación a emenda á proposta presentada polo grupo municipal do PP o Pleno, por dez votos a favor dos concelleiros integrados no grupo municipal do PP, do grupo municipal do BNG, e do grupo mixto Cambados Pode e 7 votos en contra dos concelleiros integrados no grupo municipal do PsdeG-PSOE e Somos Cambados adopta o seguinte, ACORDO:

Aprobar a adicación exclusiva e unha retribución bruta anual de 40.000 euros para Dna. Fátima Abal Roma en atención a súa responsabilidade como alcaldesa de Cambados.

3.- DACIÓN EN CONTA REPAROS DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL EJERCICIO 2018

Dáse conta do informe emitido pola Intervención Municipal, con data 18/07/2019, artigo 218.1 TRLRFL, correspondente aos reparos do exercicio 2018 (Expte. 1434/2018). O Pleno acorda darse por enterado.

4.- DACIÓN EN CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2018

Dáse conta da Resolución da Alcaldía número: 2019-0805, de data 17/07/2019, que transcrita literalmente di: **“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- “Vista a Liquidación do orzamento do exercicio de 2018.**

Visto que con data 17/07/2019 emitiuse Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e do Cumprimento da Regra de Gasto.

Visto que con data 17/07/2019, foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais



aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a Liquidación do orzamento do exercicio de 2018.

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. Ordear a remisión de copia de devandita Liquidación aos órganos competentes.”

O Pleno, por unanimidade, dase por enterado.

5.- DACIÓN EN CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2019

Dáse conta do Informe de Tesourería, de data 26/04/2019, en cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Cambados. Relación de obrigas recoñecidas na que se incumpre o prazo de pagamento marcado pola Lei 15/2010, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Primeiro trimestre de 2019.

O Pleno, por unanimidade, dase por enterado.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

6.- DACION EN CONTA DE RESOLUCIÓNS

Dáse conta dos Decretos asinados dende o número 2019-0672 ata o 2019-0811.
O Pleno, por unanimidade, dase por enterado.

7.- MOCIÓNS DE URXENCIA

Non se presentaron

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcadesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.





DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfno: 986520902/0943/0951 - Fax: 986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E



Cod. Validación: E4JY69ZTYDT6AY6RPSK774PEX | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12